EXCMO. CONCELLO
DA ESTRADA

# ACTA

| Expediente núm.: | Órgano colexiado: |
|---|---|
| PLN/2021/1 | O Pleno |

| DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN | |
|---|---|
| **Tipo Convocatoria** | Ordinaria |
| **Data** | 4 de febreiro de 2021 |
| **Duración** | Desde as 20:15 ata as 22:15 horas |
| **Lugar** | Salón de Plenos do Concello de A Estrada |
| **Presidida por** | JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS |
| **Secretaria** | MARÍA JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS |

**ASISTENCIA Á SESIÓN**

| DNI | Nome e Apelidos | Asiste |
|---|---|---|
| [redacted] | ALFONSO FIGUEIRAS REY | SÍ |
| [redacted] | AMALIA GOLDAR CORA | SÍ |
| [redacted] | AMALIA LAGO DURAN | SÍ |
| [redacted] | ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO | SÍ |
| [redacted] | BELÉN LOUZAO VIEITES | SÍ |
| [redacted] | CARMEN GÓMEZ OTERO (Interventora) | SÍ |
| [redacted] | GONZALO LOUZAO DONO | SÍ |
| [redacted] | IVAN MANUEL SANMARTIN EIRIN | SÍ |
| [redacted] | JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS | SÍ |
| [redacted] | JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR | SÍ |
| [redacted] | JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA | SÍ |
| [redacted] | JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON | SÍ |
| [redacted] | LUCIA SEOANE ROSENDE | SÍ |
| [redacted] | LUIS LOPEZ BUENO | SÍ |

JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS (1 para 2)
ALCALDE
Data de Sinatura: 05/03/2021
HASH: 3c9cb714cf90b105bbad7e16af030ad7

MARIA JOSEFA MARTINEZ BARROS (2 para 2)
SECRETARIA ACCIDENTAL
Data de Sinatura: 05/03/2021
HASH: 1fd2d1ffe2c86148e5f8609d12085c42

Cod. Validación: FD46D6NEKDSML4R6P6DHKAX6G | Corrección: https://aestrada.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 19

| | | |
|---|---|---|
| [redacted] | LUIS RENDO ARAUJO | SÍ |
| [redacted] | MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS | SÍ |
| [redacted] | MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA | SÍ |
| [redacted] | MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA | SÍ |
| [redacted] | Mª DEL CARMEN DURÁN LEA | SÍ |
| [redacted] | OSCAR ALEJANDRO DURAN BARROS | SÍ |
| [redacted] | PATRICIA CARRACEDO DURAN | SÍ |
| [redacted] | SUSANA CAMBA CASTRO | SÍ |

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

## A) PARTE RESOLUTIVA

**APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 7 DE XANEIRO DE 2021**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 7 de xaneiro de 2021, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcrición ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

**Expediente 342/2021. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO EN RELACIÓN Á PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PLAN DE ACCESIBILIDADE UNIVERSAL URBANA (PAUU)**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Para explicar este asunto toma a palabra o Concelleiro delegado de Urbanismo, **D. Gonzalo Louzao Dono**, quen comeza dicindo que estamos ante un documento elaborado polos técnicos municipais tendo en conta á normativa europea, estatal, autonómica e local, e que se adapta á nosa realidade, tanto no que se refire aos edificios públicos como á rede viaria; ademais, a súa elaboración parte tamén das diferentes propostas aportadas nas sesións celebras pola Comisión Informativa de Urbanismo. Aclara que estamos ante un Plan de Mobilidade flexible e así, o organismo competente (Mesa de Mobilidade), poderá ir fixando prioridades nas intervencións e actuacións a facer. Di que, en caso de se ser aprobado nesta sesión, este Plan será publicado na páxina web municipal e sede electrónica.

Continúa informando que esta Plan de Accesibilidade Urbana abarca o casco urbano, o rural e a



Cod. Validación: FD46D6NEKDSML4R6P6DHKAX6G | Corrección: https://aestrada.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 19

rede viaria municipal, contendo dous apartados onde se fai un resumo claro da normativa a aplicar para cada tipo de actuación que se pretende acometer, pero sempre coa característica de ser un documento aberto a efecto de modificacións ou novas incorporacións segundo a realidade o vaia esixindo.

Pide intervir o voceiro do grupo municipal do Partido Socialista, **D. Luís López Bueno**, para manifestar que este documento aínda está moi verde, ademais de ser extremadamente básico, tanto na súa análise como nas propostas, polo que non ten a profundidade que se espera dun documento deste estilo. Di que o seu grupo, na primeira sesión en que se tratou este asunto, fixo unha serie de achegas, das cales algunhas foron recollidas e outras non, parecéndolle acertado a inclusión de dous fichas de escolas unitarias e que inicialmente non se incluían, pero habería que ter en conta todas as escolas existentes no noso municipio, por tratarse de edificios públicos. En relación a que na Memoria se amplía cun par de apartados que fixan unha lista de xenéricos para axeitar a nova construción e a obra xa construída aos termos de accesibilidade que marca este documento, entende que hai que ter en conta que os veciños van a ter complicado a súa aplicación, sen embargo considera que está ben a inclusión deses novos apartados.
Dí que non se tivo en consideración a proposta do seu grupo de intentar facer unha análise do acceso aos edificios públicos e así saber a gravidade e poder resolver a problemática.
Traslada que este documento, aínda que é escaso, non está de máis ter, esperando que sexa dinámico, sobre o que se poida traballar nos vindeiros anos e que a Mesa de Mobilidade sexa capaz de priorizar as actuacións que aparecen contidas nel; pero agora toca o máis importante, e que é aplicalo, e, a este respecto, tendo en conta que está emprazada unha comisión para discutir os fondos EDUSI que restan por gastar, considera importante ter en conta este Plan para poñelo en marcha o máis pronto posible e, para iso, o grupo socialista ten moitas propostas que espera que se teñan en conta.
Finalmente traslada o voto a favor do seu grupo á aprobación deste Plan de Accesibilidade Universal Urbana.

Toma a palabra a voceira do grupo municipal de MOVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, trasladando o voto a favor do seu grupo, aínda que reivindica a extensión deste Plan de Accesibilidade a todo o rural estradense, por algo se chama universal, así como tamén a determinadas zonas da vila que non se teñen en conta no documento; considera que estamos ante un documento incompleto porque tan só se limita a analizar o centro do casco urbano, obviando outras rúas así como o rural, de feito moitas actuacións que se contemplan no Plan foron a raíz das propostas achegadas polos grupos da oposición e, por isto, agradece ao Concelleiro de Urbanismo que as tivera en conta pero, aínda así, este Plan é insuficiente, entendendo que queda moito por facer para que sexa universal, xa que queda excluído o 40% da poboación, sendo, polo tanto, unha oportunidade perdida para avanzar en accións de cara a igualdade de toda a veciñanza. En relación co anterior, nota a falta da recollida de accións que melloren a accesibilidade no rural mediante a eliminación das barreiras arquitectónicas existentes, aumentar a súa seguridade vial e facilitar o transporte público entre o rural e a vila.
A pesares das deficiencias manifestadas anteriormente, o seu grupo vai a apoiar este Plan co compromiso de que é un documento vivo no que se poderá continuar traballando co fin de facelo extensible a todo o noso municipio sen discriminacións.

Intervén a voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro,** para dicir que votará a favor deste Plan, porque é evidente que o noso concello fai tempo que necesitaba unha actuación urbanística que solucionara o problema da mobilidade, pero nota a falta de que se estenda a rúas afastadas do centro urbano e que están moi degradadas e abandonadas, sendo necesario actuar sobre elas de xeito urxente, polo que considera preciso que se proceda a unha



Cod. Validación: FD46D6NEKDSML4R6P6DHKAX6G | Corrección: https://aestrada.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 19

EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

reorganización do urbanismo do noso concello, porque estamos a caer en lo de sempre, é dicir, centrarnos no centro da vila e esquecer outras rúas afastadas do centro así como o noso rural; con respecto a este último, necesita de moitas infraestruturas e da necesidade de establecer determinadas liñas de actuación para mellorar a súa estética, accesibilidade e, en definitiva, para a súa posta en valor.
Di que entende que hai que empezar por algún sitio e despois se irá ampliando o Plan, polo que votará a favor.

Volve a intervir o Concelleiro delegado de Urbanismo, **Sr. Louzao Dono**, para aclarar que non estamos ante un Plan no que nos fixemos só nas fichas técnicas que contén, porque aínda que contemplan as rúas máis céntricas e transitadas do casco urbano non se exclúen outras rúas o zonas, xa que ao ser un documento vivo iranse incorporando novas propostas, polo tanto, o feito de que non exista ficha, non quere dicir que se exclúan outras rúas.
Por último quere agradecer todas as aportacións, das cales unhas tivéronse en conta e outras non, co único fin de obter un documento máis rico e consensuado, básico pero importante.

Non habendo máis intervencións procédese á votación deste asunto, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO:**

Vista a Memoria do Plan de Accesibilidade Universal Urbana.
Vista a Providencia do Concelleiro delegado de Urbanismo de data 22/01/2021.
Vista a documentación que consta no expediente nº 342/2021.
Visto o ditame acadado pola Comisión Informativa de Urbanismo en sesión celebrada o 27 de xaneiro de 2021.

**ACORDAMOS:**

Aprobar o Plan de Accesibilidade Universal Urbana (PAUU).

**Expediente 1688/2020. Expediente 1688/2020. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS, RELATIVO Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO BASEADO PARA O "SUMINISTRO DE ELECTRICIDAD EN ALTA Y BAJA TENSIÓN DE LA ENTIDAD LOCAL AYUNTAMIENTO DE A ESTRADA" (FEMP)**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Para dar conta deste asunto toma a palabra o Concelleiro **D. Alberto M. Blanco Carracedo**, quen comenza lembrando que no ano 2018 o Concello da Estrada adhiríuse á central de contratación da FEMP, a partires dese momento formalizouse un contrato con Gas Natural e, unha vez rematada dita contratación, procedeuse a iniciar novo procedemento de contratación e, a Mesa de Contratación, propón adxudicar este novo contrato de subministro de electricidade en alta y baixa tensión, por un importe de 1.560,000 € + IVE e por un prazo de 1 ano máis as posible prórrogas de 3 anos, a Gas Natural, por ser a mellor oferta, ao abeiro dos criterios de valoración establecidos nos Pregos do concurso; destaca que como característica especial desta contratación, Gas Natural debe de facer un estudo de enerxía reactiva a todas as instalacións afectadas por este contrato e propoñer posibles solucións cos gastos que suporía a supresión desa enerxía reactiva. Continúa informando que o responsable do contrato é D. Juan M.



Cod. Validación: FD46D6NEKDSML4R6P6DHKAX6G | Corrección: https://aestrada.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 19

Constenla Carbón, e que despois de que sexa aprobado este acordo, este deberá de publicarse no Perfil do Contratante.
Aclara, finalmente, que no ditame da Comisión Informativa adoptouse por unanimidade de todos os grupos municipais, do cal alégrase.

Pide a palabra o voceiro do Partido Socialista, **Sr. López Bueno**, para dicir que considera que a proposta que se somete para a súa aprobación é a máis válida por vir medida pola central de contratación da FEMP, ademais de permitir mellorar os prezos que se viñan pagando ás compañías eléctricas por parte do Concello. Quere lembrar que na Comisión Informativa se manifestou a existencia dun erro material que afectaba ao importe do IVE e espera que fora corrixido. Polo resto, di que este novo contrato co de renovación de luminarias supoñen un aforro importante para o Concello e, este aforro, poderá destinarse a outras cuestións importantes.
Finalmente traslada que o seu grupo votará a favor desta proposta.

Intervén a voceira do grupo de Móvete, **Sra. Blanco Casais**, para dicir que o seu grupo votará a favor por considerar que esta contratación é positiva por varias causas, entre elas por simplificar e facilitar o traballo do departamento de Intervención; sen embargo quere aproveitar para trasladar da necesidade de mellorar o servizo de enerxía eléctrica no noso rural, xa que hai zonas que, sobre todo no inverno, sofren frecuentemente caídas e cortes no subministro eléctrico.

Toma a palabra a voceira do grupo Mixto (BNG), **Sra. Camba Castro**, manifestando que votará a favor deste asunto, xa que calquera medida que supoña un aforro para as arcas municipais vai a contar sempre co apoio do seu grupo.

Non habendo máis intervencións procédese á votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO:**

Vista la propuesta del Concejal delegado D. Alberto M. Blanco Carracedo, para la adjudicación del contrato de Suministro de Electricidad en Alta y Baja Tensión FEMP.

Vistos los siguientes “Antecedentes”:

1. Adhesión a la Central de Contratación de la FEMP: Conforme al acuerdo del Pleno de fecha 7 septiembre de 2017, la Entidad Local Ayuntamiento de A Estrada se encuentra adherida a la Central de Contratación de la FEMP que se constituye como un sistema de racionalización de la contratación al servicio de sus entidades locales asociadas.
2. La FEMP, a través de su Central de Contratación, ha licitado en beneficio de sus asociados el Acuerdo Marco para el suministro de electricidad en alta y baja tensión con varios adjudicatarios y distribuido por lotes geográficos, en base a unos Pliegos de Cláusulas Administrativas Particulares (PCA) y unos Pliegos de Prescripciones Técnicas (PPT). Dicho Acuerdo marco se adjudicó para los Lotes 1, 2, 3, 4, 5, 6 y 7 a IBERDROLA CLIENTES, S.A.U, ENDESA ENERGÍA, S.A.U. y GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. con fecha de 21 de mayo de 2019, habiéndose formalizado el Acuerdo Marco el 17 de junio



Cod. Validación: FD46D6NEKDSML4R6P6DHKAX6G | Corrección: https://aestrada.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 19

de 2019.

En dicha licitación, la FEMP ha observado todos los requisitos y procedimientos exigibles a la contratación de las Administraciones Públicas.

3. El Acuerdo Marco tiene una vigencia de 2 años, por lo que actualmente se encuentra en vigor, pudiendo adjudicarse Contratos basados en dicho Acuerdo Marco durante la vigencia del mismo, incluidas sus prórrogas. El Acuerdo marco podrá ser objeto de prórrogas anuales (12 meses, cada una) sucesivas, por mutuo acuerdo, antes de la finalización del mismo. No obstante, la duración de la última prórroga anual podrá ser reducida por acuerdo entre ambas partes hasta un máximo de 6 meses. La duración total del Acuerdo marco, incluidas las prórrogas, no podrá exceder de 48 meses (4 años), de conformidad con lo dispuesto en el artículo 219.2 de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público (LCSP, en adelante).
4. En base al citado Acuerdo Marco, esta Entidad Local puede suscribir el correspondiente Contrato basado con una de las empresas adjudicatarias del Acuerdo Marco, que comprenderá la prestación del suministro referido en el Acuerdo Marco en las condiciones que se fijan en el PCA y en el PPT.
5. Con fecha 30 de diciembre de 2020 , conforme a lo establecido en la cláusula 21 del PCA, se remitió documento de invitación a las tres empresas adjudicatarias del Lote 1 dándose un plazo de 15 días naturales para su envío, todo ello, a través de la plataforma informática de la Central de Contratación.

   La fecha límite para la presentación de ofertas finalizó el día 14 de enero de 2021. Las tres empresas presentaron sus ofertas dentro del plazo establecido. La apertura de las ofertas se realizó el día 15 de enero de 2021, a través de la plataforma habilitada al efecto por la FEMP.
6. El único criterio de adjudicación es el precio ofertado, siendo las ofertas económicas ponderadas según lo establecido en el documento de invitación.
7. El Contrato basado se ajustará, entre otras, a las siguientes condiciones:

- Importe anual del contrato (Sin IVA): 640.000,00 euros.
- Importe anual IVA: 134.400,00 euros
- Valor estimado del Contrato (sin IVA) (incluyendo prórrogas): 2.560.000,00 euros.
- Duración del contrato basado y prórroga (en su caso): 4 años.
- Revisión de precios: Conforme a la cláusula 16.3 del Pliego que rige la celebración del Acuerdo Marco para el suministro en alta y baja tensión de la Central de Contratación de la FEMP.
- Garantías: De conformidad con la cláusula 14, no se exige garantía definitiva al tratarse de un suministro de bienes consumibles cuya entrega y recepción debe efectuarse antes del pago del precio. Tampoco deberán constituir garantía provisional.
- Condición Especial de Ejecución: Que la adjudicataria presente al responsable del contrato basado en el plazo máximo de doce (12) meses a contar desde el inicio del suministro, un estudio sobre la generación de energía reactiva en las diferentes instalaciones objeto del contrato y la valoración económica de los equipos necesarios para su minoración, con objeto de reducir las perturbaciones que dicha energía produce en la red eléctrica y el impacto económico en la facturación a la Entidad



Cod. Validación: FD46D6NEKDSML4R6P6DHKAX6G | Corrección: https://aestrada.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 19

Local,conforme a lo indicado en documento de invitación.

8. Conforme a lo establecido en el artículo 36.3 de la LCSP, el Contrato basado en el Acuerdo Marco se perfecciona con la notificación de su adjudicación al contratista por parte de esta Entidad Local.

   La comunicación de la adjudicación se realizará mediante la Plataforma tecnológica de la Central de Contratación de la FEMP, sin perjuicio de que se proceda a la notificación y publicación de la adjudicación conforme a lo establecido en la Disposición Adicional Decimoquinta de la LCSP.

   La Entidad Local deberá incluir en la Plataforma de la FEMP toda la información referente a la tramitación del Contrato basado.

Vistos los "fundamentos jurídicos" que rigen en esta contratación:

PRIMERO.- El procedimiento de adjudicación se ha realizado conforme a lo dispuesto en el Acuerdo Marco para el suministro de electricidad en alta y baja tensión y los PCA y PPT que rigieron su licitación, tras la adhesión a la Central de Contratación por parte de la ENTIDAD LOCAL de AYUNTAMIENTO DE A ESTRADA según acuerdo del Pleno de fecha 7 de septiembre de 2017.

SEGUNDO.- La ejecución y resolución de este Contrato se supedita a lo dispuesto en el Acuerdo Marco para la prestación del suministro de electricidad en alta y baja tensión de la Central de Contratación, en los PCA y PPT que rigieron la licitación de este Acuerdo Marco, así como por la LCSP, por el Real Decreto 817/2009, de 8 de mayo, por el que se desarrolla parcialmente la Ley 30/2007, de 30 de octubre, de Contratos del Sector Público y, en cuanto no se oponga, por el Real Decreto 1098/2001, de 12 de octubre, por el que se aprueba el Reglamento General de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas (en adelante, el "RGLCAP").

Supletoriamente se aplicará la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas (en adelante, la "LPACAP") y la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público (en adelante, "LRJSP") y demás normas de derecho administrativo y, en su defecto, las normas de derecho privado.

Asimismo, será de aplicación al presente Acuerdo Marco y a los Contratos basados en el mismo, la normativa sectorial vigente en cada momento, y entre otras, a título enunciativo y no exhaustivo por las siguientes disposiciones:

- Ley 24/2013, de 26 de diciembre, del Sector Eléctrico.
- Real Decreto 1164/2001, de 26 de octubre, por el que se establecen las tarifas de acceso a las redes de transporte y distribución de energía eléctrica.
- Real Decreto 1955/2000, de 1 de diciembre, por el que se regulan las actividades de transporte, distribución, comercialización, suministro y procedimientos de autorización de instalaciones de energía eléctrica.
- Real Decreto 1110/2007, de 24 de agosto de 2007, por el que se aprueba el Reglamento unificado de puntos de medida del sistema eléctrico.
- Real Decreto 1718/2012, de 28 de diciembre, por el que se determina el procedimiento para realizar la lectura y facturación de los suministros de energía en baja tensión con potencia contratada no superior a 15 kW.
- Real Decreto 1435/2002, de 27 de diciembre, por el que se regulan las condiciones básicas de los contratos de adquisición de energía y de acceso a



Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

Cod. Validación: FD46D6NEKDSML4R6P6DHKAX6G | Corrección: https://aestrada.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 19

las redes de baja tensión.

- Ley 17/2013, de 29 de octubre, para la garantía del suministro e incremento de la competencia en los sistemas eléctricos insulares y extrapeninsulares.
- Real Decreto 738/2015, de 31 de julio, por el que se regula la actividad de producción de energía eléctrica y el procedimiento de despacho en los sistemas eléctricos de los territorios no peninsulares.
- Orden ETU/1282/2017, de 22 de diciembre, por la que se establecen los peajes de acceso de energía eléctrica para 2018; así como, las posteriores órdenes aplicables al respecto.
- Cualquier otra disposición que afecte, modifique, desarrolle, derogue o sustituya a dichas normas.

Tienen carácter contractual los siguientes documentos: el PCA, el PPT, el documento de formalización del Acuerdo marco, el documento de invitación, la oferta presentada por la adjudicataria y la presente resolución de adjudicación.
TERCERO.- Teniendo en consideración que el órgano de contratación que actúa en nombre de la Entidad Local Ayuntamiento de A Estrada, es El Pleno Municipal, en virtud de la Disposición Adicional Segunda de la LCSP.

Visto el dictamen adoptado por la Comisión Informativa de Organización, Personal y Asuntos Generales de esta corporación, en sesión celebrada el 28 de enero de 2021.

Visto el documento contable de retención de crédito emitido por la Intervención municipal, con nº de operación 2021000450.

Y, teniendo en cuenta lo debatido en esta sesión, **ACORDAMOS:**

**Primero.-** Adjudicar el Contrato basado para el suministro de electricidad en alta y baja tensión de la Entidad Local Ayuntamiento de A Estrada, al resultar la propuesta económicamente más ventajosa por un importe de SEISCIENTOS CUARENTA MIL EUROS (640.000,00 euros) más CIENTO TREINTA Y CUATRO MIL CUATROCIENTOS EUROS (134.400,00 euros) de Impuesto de Valor Añadido (IVA), lo que supone un total de SETECIENTOS SETENTA Y CUATRO MIL CUATROCIENTOS EUROS (774.400,00 euros), a la empresa GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A., adjudicataria del lote (1) del Acuerdo Marco para la contratación del suministro de electricidad en alta y baja tensión de la Central de Contratación de la FEMP.



Cod. Validación: FD46D6NEKDSML4R6P6DHKAX6G | Corrección: https://aestrada.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 19

EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

LICITADOR: IBERDROLA

| Tarifa | TE1 | TE2 | TE3 | TE4 | TE5 | TE6 | CET |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *2.0 A* | 0,1193 | | | | | | 1,193 |
| *2.0 DHA* | 0,1403 | 0,0667 | | | | | 0,39606 |
| *2.0 DHS* | 0,1519 | 0,0768 | 0,0578 | | | | no valora |
| *2.1 A* | 0,1330 | | | | | | 0,665 |
| *2.1 DHA* | 0,1522 | 0,0778 | | | | | 0,45224 |
| *2.1 DHS* | 0,1646 | 0,0926 | 0,0637 | | | | no valora |
| *3.0 A* | 0,1030 | 0,0878 | 0,0651 | | | | 1,50334 |
| *AP 2.0 DHA* | 0,1403 | 0,0667 | | | | | no valora |
| *AP 2.1 DHA* | 0,1522 | 0,0778 | | | | | no valora |
| *AP 3.0 A* | 0,1030 | 0,0878 | 0,0651 | | | | no valora |
| *3.1 A* | 0,0887 | 0,0824 | 0,0645 | | | | 1,44308 |
| *6.1* | 0,1122 | 0,0993 | 0,0854 | 0,0770 | 0,0708 | 0,0621 | no valora |
| | | | | | | **CEO** | 5,65272 |

LICITADOR: ENDESA

| Tarifa | TE1 | TE2 | TE3 | TE4 | TE5 | TE6 | CET |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *2.0 A* | 0,1174 | | | | | | 1,174 |
| *2.0 DHA* | 0,1489 | 0,0752 | | | | | 0,438645 |
| *2.0 DHS* | 0,1478 | 0,0802 | 0,0649 | | | | no valora |
| *2.1 A* | 0,1319 | | | | | | 0,6595 |
| *2.1 DHA* | 0,1616 | 0,0864 | | | | | 0,49592 |
| *2.1 DHS* | 0,1605 | 0,0953 | 0,0707 | | | | no valora |
| *3.0 A* | 0,1007 | 0,0881 | 0,0648 | | | | 1,49966 |
| *AP 2.0 DHA* | 0,1489 | 0,0752 | | | | | no valora |
| *AP 2.1 DHA* | 0,1616 | 0,0864 | | | | | no valora |
| *AP 3.0 A* | 0,1007 | 0,0881 | 0,0648 | | | | no valora |
| *3.1 A* | 0,0822 | 0,0750 | 0,0548 | | | | 1,26884 |
| *6.1* | 0,0962 | 0,0855 | 0,0788 | 0,0711 | 0,0658 | 0,0553 | no valora |
| | | | | | | **CEO** | 5,536565 |

LICITADOR: GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.

| Tarifa | TE1 | TE2 | TE3 | TE4 | TE5 | TE6 | CET |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *2.0 A* | 0,1133 | | | | | | 1,133 |
| *2.0 DHA* | 0,1330 | 0,0625 | | | | | 0,372425 |
| *2.0 DHS* | 0,1335 | 0,0680 | 0,0548 | | | | no valora |
| *2.1 A* | 0,1266 | | | | | | 0,633 |
| *2.1 DHA* | 0,1455 | 0,0734 | | | | | 0,428285 |
| *2.1 DHS* | 0,1460 | 0,0829 | 0,0605 | | | | no valora |
| *3.0 A* | 0,0952 | 0,0825 | 0,0621 | | | | 1,42198 |



Cod. Validación: FD46D6NEKDSML4R6P6DHKAX6G | Corrección: https://aestrada.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 19

**PUNTUACIÓN DEL TÉRMINO DE ENERGÍA (PTE)**

| LICITADOR | CEO | PTE |
|---|---|---|
| GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A. | 5,33967 | 45,00 |
| ENDESA | 5,536565 | 43,40 |
| IBERDROLA | 5,65272 | 42,51 |

**Segundo.-** Comunicar este acuerdo a la adjudicataria GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A. y al resto de licitadoras a través de la Plataforma informática de la Central de Contratación, así como proceder a su publicación en el Perfil del contratante de esta Entidad Local y notificar el mismo conforme a lo establecido en la LCSP.

**Tercero.-** El presente acuerdo puede ser impugnado mediante la interposición del recurso especial en materia de contratación, cuando el valor estimado del contrato supere los 100.000 euros, o mediante recurso potestativo de reposición, o bien directamente ante la jurisdicción contencioso administrativa, de conformidad con lo dispuesto en la Ley 29/1998, de 13 de julio, Reguladora de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa.

**CUARTO.-** El Contrato basado desplegará efectos desde la notificación del presente acuerdo de adjudicación.

Antes de pasar ao seguinte apartado da Orde do Día, o **Sr. Alcalde** pregunta se algún grupo político quere presente unha moción de urxencia, e, non habendo, contínuase tratando o apartado de Actividade de Control.

## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

### DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 16 E O 30 DE DECEMBRO DE 2020 (AMBOS OS DOUS INCLUÍDOS)

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 16 e o 30 de decembro de 2020 (ambos os dous incluídos), que van dende o número 2020-1553 ao número 2020-1672 (incluídos os dous).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

### DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 4 E O 29 DE XANEIRO DE 2021 (AMBOS OS DOUS



Cod. Validación: FD46D6NEKDSML4R6P6DHKAX6G | Corrección: https://aestrada.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 19

EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

**DÍAS INCLUÍDOS)**

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 4 e 29 de xaneiro de 2021 (ambos os dous incluídos), que van dende o número 2021-0001 ao número 2021-0100 (incluídos os dous).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

## C) ROGOS E PREGUNTAS

Comeza este apartado o voceiro do grupo do Partido Socialista, **D. Luís López Bueno**, quen da conta da existencia de dúas incidencias no Colexio de Codeseda, unha é que a caldeira de calefacción ten unha filtración de auga evitando que se poida utilizar este servizo, algo que a dirección do centro puxo en coñecemento do Concello sen que se actuara ao respecto; a outra é que, debido aos temporais, desprendeuse unha das láminas do pavillón polideportivo. Ante o anterior, pregunta se hai solución para ambos problemas sinalados.
Así mesmo, en relación a unha proposta feita polo seu grupo no pasado mes de outubro sobre a inexistencia de patios cubertos en algúns centros de ensino, ao que se lle contestara que se farían actuacións con fondos europeos no ano 2021, pregunta se se avanzou algo con respecto a este asunto ou se o vai a haber antes de finalizar o curso escolar.
Tamén, en relación coa solicitude do CEIP de Oca para a sinalización apropiada deste centro, pregunta se o grupo de goberno ten pensado acometela.
Por outra banda, aproveita para preguntar se a entrada lateral que se prevía facer no Colexio de Figueroa se vai a executar dentro deste exercicio.

Ao anterior, o **Sr. Alcalde** responde, en relación ao colexio de Codeseda, que fai tres semanas trasladouse xunto coa Concelleira Amalia Goldar para reunirse coa súa directora co fin de falar das actuacións pendentes de resolver nas súas instalacións, tales como o cambio de fiestras, da calefacción e do pavillón polideportivo, e se lle trasladou o problema das fiestras ao xefe territorial da Consellería de Educación e estamos á espera da confirmación, pero considera que estes arranxos os asumirá este órgano autónomo; no referente ao tema da calefacción se quedou en darlle traslado aos fontaneiros municipais, descoñecendo en que punto está a reparación, pero quere aclarar que estamos ante unha caldeira moi antiga e que pode xerar moitos problemas, e o Concello só ten a responsabilidade das labores de mantemento e, cando se trata de novos investimentos, lle corresponde á Consellería, salvo que se chegue a un acordo de que o Concello asuma o gasto a cambio do compromiso deste órgano de facer outro tipo de actuación; di que se informará sobre como está esta reparación, aínda que non lle consta que o centro estea sen calefacción, xa que polo centro se lle informou que tiñan medo que a bomba de achique deixara de funcionar e que a calefacción dera problemas, pero se porá en contacto mañá co centro para saber cal é a situación. No que se refire ao tema da cuberta do pavillón polideportivo, estívose vendo esa instalación, a cal é moi antiga e precisa dun elevado investimento para a súa reparación, xa que non só é que caera unha das planchas da cuberta senón de toda a estrutura; a parte diso, a Concelleira Goldar Cora falou cunha empresa para que fora a revisar o estado da cuberta deste pavillón aos efectos de que nun espazo curto de tempo podamos arranxar en concreto esa



Cod. Validación: FD46D6NEKDSML4R6P6DHKAX6G | Corrección: https://aestrada.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 19

deficiencia, aínda así a dirección do centro trasladou que non estaban a utilizar esa instalación polo mal estado no que se atopa en xeral, polo que se intentará solucionar esa situación.
En relación á pregunta sobre os patios cubertos nos centros escolares, di que se está a traballar ao respecto, habendo chegado a un acordo coa Consellería para que fixera unha achega extraordinaria aos fondos propios dos centros, pero antes este Concello reuniuse coas distintas directivas para saber cales eran as súas necesidades máis urxentes, sendo para eles unha delas os patios cubertos; e, concreto, o CEIP Pérez Viondi fai tres semanas recibiu unha achega da Consellería por importe de 10.000,00 € e a propia ANPA trouxo aos técnicos municipais un orzamento para acometer esta actuación, os cales están estudando a maneira para executar a obra. Con respecto ao resto dos centros educativos, esa achega da Consellería decidiron algúns deles destinala a outras actuacións que entendían máis prioritarias, as cales iranse executando de forma prioritaria e inmediata, ademais esas obras hai que executalas antes de final de curso.
Por último, en relación coa sinalización do CEIP de Oca, informa que as sinalización que se estiveron colocando foi con cargo a unha subvención de turismo para sinalizar elementos patrimoniais, non tendo cabida a sinalización deste centro escolar, pero na actualidade estase a traballar nun proxecto de Plan Integral de Sinalización no Rural, o cal solucionaría ese problema xeral de sinalización toponímica do noso patrimonio cultural, aldeas, parroquias e de edificios administrativos ou vinculados a usos culturais, esperando ter algunha noticia ao respecto en pouco tempo.
En canto á entrada lateral do Colexio de Figueroa, púxose en contacto co seu equipo directivo, o cal informou que, a día de hoxe, coa organización que teñen para a entrada dos cativos no centro teñen o tema resolto, polo que se entende que esta actuación pódese resolver non a curto prazo e intentar buscar unha alternativa máis axeitada chegando a un acordo con algún propietario de parcelas colindantes e así facer, non só a entrada e saída do colexio, senón tamén unha zona de aparcamento.

O **Sr. López Bueno** aclara que todos somos sabedores do estado do pavillón do colexio de Codeseda e que non se estaba a utilizar, pero co acontecido este días menos aínda; no que se refire á calefacción deste centro, sabe que está a funcionar pero non de forma axeitada, polo que considera que se trata dunha neglixencia do Concello pola falta de mantemento da caldeira e, en caso de non ter moito arranxo, debería esixir a responsabilidade ao órgano que competa para a súa substitución ou cambio.
En canto á sinalización de Oca, entende que se trata dun problema global e que a sinalización colocada fóra dentro dun marco turístico, pero considera que unha cousa non quita a outra, e debemos canto antes resolver este problema.
Continuando coa súa intervención e, en relación coa Avda de Santiago, di que publicouse cales ían a ser os viais que serían obxecto de arranxo durante este ano 2021 entre os cales atópase a Avda. De Santiago cun orzamento de 41.000 euros, cando o Sr. Alcalde manifestara que a súa reparación era moito máis cara, polo que solicita que se lle explique para que actuación en concreto van destinados eses 41.000 euros.

O **Sr. Alcalde** lle responde que, dentro do proxecto de plan de asfaltados para o entorno urbano atópase unha actuación de 41.000 euros para a Avda de Santiago, en concreto para o tramo que vai dende a rotonda da Escola Infantil ata a rotonda da rúa da Cultura, e que foi valorada polos técnicos municipais en colaboración con empresas especializadas en reparación deste tipo de viais, xa que estamos ante problemas derivados da base da estrada e pola existencia de correntes de auga que deterioran o firme, plantexando unha solución baseada no drenaxe cunha



Cod. Validación: FD46D6NEKDSML4R6P6DHKAX6G | Corrección: https://aestrada.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 19

consolidación da capa de rodada e cunha eliminación do tráfico de vehículos pesados, sendo esta a actuación prevista e que vai sumada a outras simultáneas, tales como a retirada de vehículos da calzada para permitir a entrada e saída de vehículos dos garaxes, limitación de circulación para vehículos de alto tonelaxe, localización dunha zona de aparcamento,.... Aclara que non se poderá facer antes da primavera/verán, porque hai que esperar que o tempo estea seco.

Continúa o **Sr. López Bueno** lembrando unha cuestión pendente do goberno municipal e que é sacar adiante o contrato de recollida de lixo, polo que pregunta en que situación se atopa esta contratación e se se prevén actuación inmediatas que solucionen o problema da recollida selectiva, porque está a recibir queixas da veciñanza.

Contesta o **Sr. Alcalde** que se está a traballar nesta contratación, pero hai problemas á hora de elaborar o estudo económico e os pregos, porque sabe que en aqueles municipios que se está a tramitar esta contratación os pregos son recorridos polas empresas licitadoras, polo que debemos armar moi ben estes documentos, tanto xurídica como tecnicamente; espera ter unha proposta de prego técnico e administrativo neste primeiro trimestre aos efectos de lanzar a licitación, e, neste momento, estase a recabar a documentación necesaria para as súas elaboracións (rutas de recollida, camións de recollida, volumes de recollida selectiva, limpeza viaria, xestión do Punto Limpo, etc.).

O **Sr López Bueno** espera que o expediente estea ben armado, porque todos desexamos que esta contratación saía adiante sen ningún tipo de atrancos e o antes posible, xa que dende que estamos a falar deste tema xa vai máis dun ano.
En relación coa RPT, é sabedor que se están a negociar distintas propostas, pedindo que se lle defina cal é a proposta que vai a presentar o grupo de goberno aos sindicatos.

Resposta o **Sr. Alcalde** que vai a ser un documento baseado no documento aprobado polo Pleno e recorrido xudicialmente, pero dando cumprimento ao establecido no fallo da Sentenza e que, concretamente, establece varias cuestións, algunhas delas moi técnicas que entran directamente a valorar determinados aspectos dos complementos das prazas, e que se incorporan directamente no documento da RPT; en definitiva, o mesmo documento de RPT aprobado polo Pleno coas modificacións ordenadas por Sentenza xudicial, ao que hai que sumar, dentro da capacidade municipal de organización, o seu axuste á situación laboral actual, cuantificar economicamente e incorporar ao expediente o informe de Intervención. Informa que unha vez feitas estas inclusións e modificacións, someterase á Mesa de Negociación, posteriormente á Comisión Informativa e, por último, á aprobación polo Pleno desta Corporación, esperando convocar unha sesión extraordinaria deste órgano durante o presente mes.

O **Sr. López Bueno** di que pouco pode extraer da explicación dada polo Sr. Alcalde, entendendo que a proposta feita pola Universidade da Coruña foi para o lixo, preguntando cal é a proposta económica que vai a facer o Concello.

O **Sr. Alcalde** aclara que non pode responde a esta última pregunta, pero tan pronto se teña cuantificada a cantidade que suporá para as arcas municipais e se peche o documento se lle trasladará.

Continuando coa súa intervención, o **Sr. López Bueno** lembra que fai uns meses o Concello subscribiu un acordo coa Universidade de Santiago de Compostela para que elaborase un documento que establecera unha serie de medidas económicas



Cod. Validación: FD46D6NEKDSML4R6P6DHKAX6G | Corrección: https://aestrada.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 19

EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

para aplicar nesta época de pandemia, a este respecto pregunta cales son as medidas que se implantaron nese informe da USC.

Responde o **Sr. Alcalde** que se celebrou unha reunión fai unhas semanas coa USC aos efectos de pechar ese informe definitivo, presentándose un borrador de documento final sobre o que se debateu determinados asuntos que había que resolver, estando neste momento pendente de que sexa entregado o documento definitivo; pero aclara que o traballo máis denso da USC está feito e debatido nunha reunión celebrada no pasado mes de decembro, e agora estamos pendentes dese documento definitivo para executar esa última fase da estratexia de desenrolo urbano, que abarca a política social, turismo e sostenibilidade; e despois un documento base de referencia para a estratexia que se seguirá a partires de agora coa nova apertura de fondos europeos e para tamén, en caso de que o goberno central decida cumprir coa xustiza e permita á administración local poida xestionar parte dos fondos que se poñan en marcha para poder deseñar proxecto que sexan estratéxicos para o futuro da Estrada.

O **Sr. López Bueno** lembra unha queixa dos veciños de Couso publicada na prensa e a que o Sr. Alcalde lle respondeu polo mesmo medio, consistente en que os problemas existentes no lugar de Barco foron obxecto de actuacións por parte do Concello, sen embargo os veciños dese lugar trasladan que iso non é certo e que o Concello non fixo nada para desatoar o baixante de augas, polo que pregunta que actuacións fixo entón o Concello.

Resposta o **Sr. Alcalde** que estivo persoalmente no devandito lugar acompañado polo Alcalde de Barrio para buscar unha solución ao problema que lle corresponde arranxar ao Concello, é dicir, á situación na que está a recollida de pluviais no vial municipal e, a ese respecto, fíxose unha limpeza das cunetas. Aclara que non lembra haber contestado aos veciños a través da prensa, crendo que lle contestou ao voceiro socialista nunha sesión plenaria e onde se informou que se fixera unha actuación e que se puxera o problema en coñecemento de Infraestruturas e da empresa responsable do mantemento desa estrada, PO-541, porque enténdese que é un problema da traída de pluviais desa estrada e, polo tanto, é responsabilidade da Xunta de Galicia as labores de mantemento. Dí que, a día de hoxe, non ten coñecemento da resposta da empresa responsable, pero comprométese a que mañá volverase a insistir para que se proceda a solucionar o problema.

O **Sr. López Bueno** asegura que é certo que o Alcalde contestou a través da prensa a queixa deses veciños, incluso lembra que foi xusto despois da celebración da sesión plenaria onde se tratara este asunto.

O **Sr. Alcalde** cre que sería que a prensa recolleu a explicación que se deu na sesión plenaria e non que fixera unha declaración directa.

O **Sr. López Bueno** lle pide que lembre que, aínda que pode haber un problema na estrada de titularidade autónoma, o problema concreto que estamos a falar afecta ao vial de responsabilidade municipal e, polo tanto, o Concello é responsable de arranxalo.
A continuación plantexa os seguintes rogos:

- Que se atenda canto antes a reposición dos soportes dos contedores de lixo no rural, ao que o grupo de goberno se comprometeu en colaboración coa Deputación Provincial.
- Que se solucione dunha vez o problema da sinal de televisión en Codeseda.

Inicia a súa queda a voceira do grupo municipal de MÓVETE, **Dna. Mar Blanco**



Cod. Validación: FD46D6NEKDSML4R6P6DHKAX6G | Corrección: https://aestrada.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 19

EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

**Casais**, para, en relación coa sinal TDT en Codeseda, informar que esta non é suficiente para determinadas zonas das parroquias de Codeseda, Arca e Souto a causa dunhas árbores que dificultan á emisión da sinal, o que ocasiona que veciños do lugar de Abragán falaran cos propietarios das fincas onde se atopan ditas árbores, os cales néganse a cortalas por entender que as mesmas xa estaban alí cando se instalou o repetidor da antena; co dito anteriormente, quere demostrar que todo foi un erro de inicio por parte do Concello, reforzando a idea que a única solución é buscar unha nova localización para este repetidor, polo que pide que sexa recolocado o antes posible e así dar unha solución aos veciños que levan moito tempo sen poder ver a televisión.
Continúa facendo alusión á relación de camiños que se pretenden incluír na plan de melloras e que foi anunciado polo grupo de goberno, na que observa a falta de pistas ás que os veciños levan tempo reclamando o seu arranxo, tales como, por exemplo, a que vai á Grela e a que vai da Pica (Moreira) ao Sol (Rubín); polo tanto, e para evitar suspicacias, o Concello debería de dar a coñecer os criterios utilizados á hora de priorizar ás actuacións nunhas pistas en detrimento doutras.
Por outra banda, pregunta sobre como ten previsto o grupo de goberno reordenar as áreas que, ata de agora, eran competencia do Concelleiro D. Constenla Carbón, por mor do seu nomeamento como Deputado, porque aínda que os dous cargos son compatibles, no o ten compatibilidade a dedicación como Concelleiro ao mesmo tempo que a dedicación como Deputado.
A continuación quere que se lle conceda a palabra ao concelleiro do seu grupo, D. Iván M. Sanmartín Eirín, quen presentou un rogo o día 03/02/2021 por rexistro de entrada 2021-E-RPLN-1 (cargado directamente ao expediente desta sesión plenaria).

Toma a palabra o concelleiro de MÓVETE, **D. Iván M. Sanmartín Eirín**, para explicar o asunto presentado por escrito e cargado a este expediente plenario segundo rexistro de entrada 2021-E-RPLN-1 e que literalmente di:

*"Rogo: Dona MARIA DEL CARMEN GONZALEZ OTERO con* [redacted] *xa solicitou de maneira reiteradaante o Concello que nunha parcela da súa propiedade, en concreto a 571 sita en Vilanova Orazo, se produciu un derrube de terreo e muro municipais na parte norleste da mesma. A dita situación leva no mesmo estado varios anos sen que se lle dea ningún tipo de solución por parte do Concello polo que dende o Grupo Municipal de MOVETE ROGAMOS se proceda a retirar o derrube da parcela de dona Maria del Carmen González Otero".*

Explica tamén que xuntou ao seu escrito copia da solicitude da señora afectada así copia de catrastro.
Prega que lle sexa contestada á interesada, porque nunca tivo resposta a súa solicitude, ademais de que se busque solución ao problema denunciado.

O **Sr. Alcalde** contesta, en relación ao repetidor da TDT en Codeseda, que ese poste xa foi cambiado de ubicación anteriormente por causar problemas e parece ser que os segue causando, intentarase buscar solución aínda que non hai moita polas características que se esixen, por exemplo, ten que haber un punto de luz próximo e cunhas condicións determinadas. Di que só lle consta que ten problemas na recepción da sinal un só lugar da parroquia de Codeseda e non nos outros lugares sinalados pola Sra. Mar Blanco, pero, en definitiva, valorarase a situación e se buscará solución.
En canto ao tema das pistas no rural, di que xa explicou o tema moitas máis veces,



Cod. Validación: FD46D6NEKDSML4R6P6DHKAX6G | Corrección: https://aestrada.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 15 a 19

pero volve a explicar que existe unha valoración feita a partires da información aportada polo departamento do Rural, polos técnicos municipais e das solicitudes e queixas achegadas á Alcaldía, ese estudo ou valoración importa 3.350.000,00 € onde se engloban as actuacións máis prioritarias da rede viaria, sendo máis importantes aquelas estradas que unen parroquias ou lugares municipais e cunha intensidade alta de tráfico. No que se refire ás actuacións a realizar nas pistas nomeadas pola voceira de MÓVETE, a da Grela e a de Codeseda-Trabadela, suman un importe superior aos 240.000,00 € , sendo unhas actuacións moi importantes e os veciños destes lugares teñen outros viais alternativos para utilizar e que non están en mal estado, polo tanto o arranxo dos anteriores camiños non son tan prioritarios e, polo tanto, decidiuse actuar antes noutras pistas con más tránsito e sitos en medio de núcleos de poboación. Volvendo a esa valoración e estudo feito coas aportacións dos técnicos, veciños e membros da oposición, espera que neste ano 2021 sexan executados os arranxos dos viais incluídos no mesmo e polo mencionado importe de 3.350.000,00 euros. Recoñece que a publicación deste estudo fixo un efecto chamada para moitos veciños e así foron presentando solicitudes para a reparación doutras pistas do noso municipio o que desemboca na redacción dunha relación e que se traducirá nun novo proxecto de asfaltado. Informa que ese proxecto que mencionou anteriormente non é único que se realizará este ano, porque a parte do que se vai a acometer co Plan Concellos da Deputación, senón outros que se realizarán con fondos propios e tamén co PDR e así dar cabida a eses outros camiños que quedan pendentes de arranxo, entre eles o da Pica ao Sol, ao que facía mención a voceira de MÓVETE e que suporá un investimento de máis de cen mil euros.
En relación ao tema de reorganización das áreas do Concelleiro delegado D. Juan M. Constenla Carbón con motivo do seu nomeamento como Deputado, alégrase de que a Sra. Mar Blanco se preocupe da organización do grupo de goberno e de vela na prensa manifestando a súa preocupación polas decisións que ten que tomar el como Alcalde; continúa dicindo que é importante e un orgullo para A Estrada que este concelleiro tomara posesión como deputado no Parlamento español, pero iso non quere dicir que non teña tempo para realizar as súas funcións na xestión municipal, xa que a esixencia do Parlamento é relativa en canto ás horas de presencia na capital, sen esquecer que o Sr. Constenla coñece moi ben as súas áreas e ten capacidade para seguir xestionándoas con eficiencia e eficacia, sen embargo, en caso de que se vexan afectadas estas áreas de Cultura, Medio Ambiente e Rural, entón se tomarán as decisións que procedan pensando no beneficio e interese dos nosos veciños e veciñas.
No que se refire ao rogo do Sr. Sanmartín Eirín sobre o muro de Orazo, lle informa de que é sabedor do escrito presentado pola Sra. González Otero e, a este respecto, se está a valorar polos técnicos municipais para a súa reparación; lembra que fai uns anos xa houbera un derrube parcial dese muro, o cal foi reparado, aínda que existen dúbidas sobre a titularidade dese muro, pero en caso de que fora municipal requiriría unha gran actuación para suxeitar o muro de contención e eliminar unhas viñas que están arrimadas a este; en resume, di que os técnicos están a estudar este tema, valorando o seu arranxo ou reposición e, ademais, buscando ao titular do mesmo, en caso de que sexa privado, entón serían os propietarios os que deberían de acometer a reparación e se é de titularidade municipal, entón este Concello procedería ao seu arranxo mediante unha obra que



Cod. Validación: FD46D6NEKDSML4R6P6DHKAX6G | Corrección: https://aestrada.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 16 a 19

necesitará da colaboración dos propietarios por ser necesaria a ocupación dunha parte da parcela.

Concédeselle a palabra á voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, quen comeza trasladando a denuncia dun veciño relativa a que, cando chove motivo, a estrada PO-2004 , que vai dende o cruce de Toedo á PO-41 (que pasa por diante da igrexa de Matalobos), sofre anegacións de auga, en concreto diante dunha fábrica de cortiza (Leal e Soares), onde existe unha balsa que verte de cara fóra provocando deterioro e inundación dunha pista que vai por detrás da dita empresa e que da servizo a varias fincas; polo dito prega que sexa corrixido este problema e tamén que sexa limpada a gavia.

O **Sr. Alcalde** di que lle consta da existencia dese problema, informando que a gavia sita en todo o fronte do peche da empresa é constantemente limpada por unha máquina debido á súa profundidade; di que a pista afectada é forestal e que o Concelleiro do Rural estivo estes días para estudar o problema e se lle trasladou á empresa para que faga a limpeza desa caída das augas de cara ao vial municipal; sen embargo, insistirase.

Continúa a **Sra. Camba Castro** trasladando a queixa dos veciños de Vilancosta – Berres do problema que están a ter para a conexión a internet, queixa que xa trasladaron por escrito a este Concello sen que, a día de hoxe, recibiran resposta algunha; sen embargo Movistar lles contestou que a súa zona goza de fibra óptica, algo que pensa que é incerto, de feito a telefonía funciona mal; ante o anterior pregunta se o grupo de goberno é coñecedor desta problemática e se falou con esta compañía de telefonía para saber como van as previsións de instalación de internet no rural, aínda que ela falou con esta empresa e que este lle contestou que había unha previsión de instalación de fibra óptica, pero que non sabían para cando. Pregunta, finalmente, se existe algunha información.

Resposta o **Sr. Alcalde** que este non é un tema de competencia municipal, aínda que como é unha preocupación da nosa veciñanza inténtase solucionalo dentro das posibilidades, porque non temos competencia para esixir a unha empresa que dea servizo de banda ancha nun lugar dunha determinada parroquia; sen embargo, lle consta que nalgúns lugares de Berres está feita a instalación e, en canto ao lugar de Vilancosta, a compañía de telefonía non lle daba unha solución, polo que a Estrada Dixital buscoulle darlle o servizo de xeito solvente e así os seus veciños poder teletraballar ou facer outras actividades informáticas. Informa que, dende o Concello, se segue insistindo ás compañías de telefonía para que inclúan dentro das súas previsións o noso municipio, obtendo fondos do Ministerio, pero estas teñen claro que traballarán onde xa exista cableado de cobre e, desafortunadamente, Vilancosta non está dentro das previsións de Movistar.
Quere deixar claro que existe o compromiso de que en aqueles lugares a onde no chegue polo de agora este servizo se buscarán solucións alternativas, de feito se están a manter reunións con ANTEGA e a Estrada Dixital para buscar solucións a esas zonas de sombra, valorando opcións e estudando proxectos susceptibles de subvención, e así tamén poder darlle un novo uso á Fundación. Finamente di que espera que nestes próximos meses se poda traer algunha proposta e solución a



Cod. Validación: FD46D6NEKDSML4R6P6DHKAX6G | Corrección: https://aestrada.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 17 a 19

este problema.

A **Sra. Camba Castro** lembra que fai uns meses o seu grupo presentara na Fundación Cultural para converter a Estrada Dixital en operador virtual, tanto de internet como de telefonía, polo que espera que se estea a valorar.
Continuando coa su quenda de intervencións e a sabendas de que non é responsabilidade do Concello, quere lembrar a reclamación feita por unhas estudantes da Universidade de Santiago polos problemas que estaban a ter cos horarios de Mombus, e que presentaron tanto neste Concello como na Xunta, e, a día de hoxe, aínda non teñen resposta a súa petición, polo que pregunta se se sabe algo ao respecto.

O **Sr. Alcalde** lle responde que o día 14 de decembro último, despois dunha reunión en Pontevedra sobre a implantación do transporte urbano de Galicia, Mombus manifestou ter problemas nalgunhas liñas, entre elas á da Estrada a Santiago, non podendo armonizar os horarios ata que non tiveran adxudicados todos os lotes; de feito é algo que nos está a prexudicar é esa lanzadeira que se pediu dende A Estrada a Santiago pola autovía, algo que non estaba no concurso pero que si era fundamental para o bo funcionamento do transporte metropolitano.
Di que se está pendente da implantación neste trimestre de todas as rutas ou lotes que saíron a licitación e proceder así aos axustes dos horarios, pedíndonos que fóramos pacentes, porque a compañía non ten problemas en axustar os horarios e darnos os servizos que precisamos.
Reitera que o escrito presentado polas usuarias foi trasladado á Xunta e a Mombus, pero, como dixo, estamos á espera da normalización na adxudicación e do reaxuste dos horarios prometido pola empresa adxudicataria e pola Xunta de Galicia.

Continúa a **Sra. Camba Castro** trasladando a petición da veciñanza da rúa Virxinia Pereira para que nas certificacións do Padrón de Habitantes e outra documentación administrativa deixe de aparecer a Rúa 35 en lugar de Rúa Virxinia Pereira.

Resposta o **Sr. Alcalde** que lle será trasladado á oficina do Padrón.

Pregunta a **Sra. Camba Castro** sobre como vai a quedar dentro das próximas actuacións urbanísticas a fachada da Casa do Pobo, xa que entende que un elemento importante do noso patrimonio e que hai que poñer en valor.

O **Sr. Alcalde** lle responde que a parcela onde se atopa esta fachada vai a destinarse a aparcamento público, pero iso non afectará esa edificación nin ao seu solar.

Finalmente, a **Sra. Camba Castro** para manifestar que se une ás peticións da veciñanza de Codeseda, Souto e Arca en relación coa sinal da TDT, informando que casas de Torreboredo non reciben esta sinal, poñendo sobre a mesa unha proposta do seu grupo municipal a este problema, o cal sería o chegar a un acordo de cesión ou merca co propietario dos terreos onde estaba sita anteriormente a antena.

O **Sr. Alcalde** lle informa que antes de facer o traslado da antena xa se intentou



Cod. Validación: FD46D6NEKDSML4R6P6DHKAX6G | Corrección: https://aestrada.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 18 a 19

EXCMO. CONCELLO
DA ESTRADA

negociar co propietario do terreo onde se atopaba, pero foi imposible. Pero lle asegura que se está intentando buscar unha solución a este problema.

Non habendo máis intervencións, e debido a que estamos ante unha sesión telemática, non hai público presente, polo tanto, non hai ningunha intervención a este respecto en aplicación do Regulamento de Participación Cidadán, procedendo a levantar a sesión sendo as vinte e dúas horas quince minutos do día do seu comezo.

---

*Esta acta redáctase conforme ao establecido no Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; na Lei 40/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; e, concretamente, segundo o disposto no Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas de Xustiza, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, o cal sinala no seu artigo 2, entre outros, que as actas son un resumo das intervencións, aclarando que os audios íntegros das intervencións formarán parte do expediente da sesión plenaria, emitíndose o respectivo certificado de autenticidade e integridade do arquivo das gravacións.*
*De todo o anterior faise cumprimento.*

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**



Cod. Validación: FD46D6NEKDSML4R6P6DHKAX6G | Corrección: https://aestrada.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 19 a 19